

Aves

Durante un paseo calmo podemos observar diversas especies de aves. Non todas son autóctonas e na Illa do Covo atópanse algunhas introducidas polo home, ben por ser consideradas aves ornamentais, ben por fuga das instalacións dalgún particular.

Moitas das aves desta zona están adoitas a convivir cos humanos e deixaranse ver sen dificultade, mesmo a distancias sorprendentemente curtas. Outras, pola contra, son fuxidías e saberemos da súa presenza polos seus sons ou cantos característicos.

Para observar aves inflúen diversos factores, como o tempo meteorolóxico, a hora do día, a marea ou a estación do ano en que realicemos a visita. Moitas das aves que poderemos ver son sedentarias e quedan todo o ano na zona, onde se alimentan e crían. Con outro tipo de especies só estarán en épocas do ano concretas, porque emigran ao chegar o inverno e non regresan ata a primavera ou verán, e outras nos visitan en época invernal. Nesta guía destácase en cada especie a estación axeitada para a súa observación.

1 *Cygnus olor*, cisne real

Ave procedente do norte de Europa, utilizada como ornamental. Adaptouse ao clima da nosa cidade, chegando mesmo a criar en varias ocasións na Illa do Covo. O seu grande tamaño, unido á súa plumaxe totalmente branca, pico vermello con negro na súa base, fai inconfundible a esta especie. Pódese observar todo o ano. Presenta pouco dimorfismo sexual (anatomía externa parecida de machos e femias).

2 *Anas platyrhynchos*, alavanco real

Pato característico, presente durante todo o ano e moi abundante na zona, sobre todo na parte interior da illa. Os machos diferéncianse das femias pola súa cabeza verde, teñen un collar branco na base do pescozo e o corpo en tons grises e marróns, patas laranxas e pico amarelado; a femia como ocorre con frecuencia na natureza, ten tons máis apagados, é de cor pardo, para pasar inadvertida cando incuba os ovos no niño, mais ten unha mancha de cor azul nas ás secundarias.

3 *Columba palumbus*, pombo torcaz

Un tipo de pomba moi fácil de ver todo o ano. Cor grisáceo en xeral, patas e peito granates, mancha branca característica no pescozo e nas ás, visible tamén en voo; puntas das ás negras. Adoita atoparse apañando no chan, sobre todo na zona de eucaliptos e refuxiada nas árbores por toda a illa. Sexos parecidos.

4 Egretta garzetta, garzota

Ave totalmente branca, agás pico e patas que son negros, co detalle inconfundible dos dedos, que son amarelos. Ás veces non é posible vela polo seu costume de buscar comida nas beiras lamacentas dos ríos ou lagos. Ten unha crista alongada tamén de cor branca. Poderemos observala desde finais de verán ata a primavera. Sexos parecidos.

5 Phalacrocorax carbo, corvo mariño real

Especie invernante que poderemos ver desde setembro ata marzo, fácil de recoñecer polo seu gran tamaño e cor negra, que fai destacar as súas fazulas brancas; pico longo, amarelo na base e ganchudo na punta. A súa plumaxe está protexida cunha capa de graxa que lle permite pasar horas mergullando para prender os peixes dos que se alimenta; fácil de ver no río e sobre a escultura de Francisco Leiro. Sexos parecidos.

6 Larus radibundus, gaivota chorona

Esta gaivota é máis frecuente no inverno, aínda que poderemos vela no verán. Caracterízase por ter dúas plumaxes para cada estación. No verán destaca pola súa inconfundible cabeza cor chocolate, pico vermello, anel ocular branco, parte inferior branca e manto cor gris cinza. Ao voar as puntas das ás son negras. Con plumaxe invernal, a cabeza perde a súa cor tostada e queda branca cunha marca auricular negra. Sexos parecidos.

7 Larus argentatus, gaivota clara

É a gaivota máis grande e abundante que podemos ver na zona, sobre todo na praia fluvial e buscando comida nadando no río. Está presente todo o ano e cambia lixeiramente de plumaxe segundo a estación; no verán ten o corpo e cabeza brancos e as partes superiores prateadas (de aí o seu nome, procedente do latín, prata=argentum), o pico é amarelo cunha mancha vermella no extremo inferior e as puntas das ás son negras; no inverno a tonalidade grisácea é máis apagada. Sexos parecidos, machos algo máis grandes. Ten as patas rosadas, o que a diferenza da gaivota patiamarela, que como o seu nome indica, ten as patas amarelas e o resto do corpo é igual á arxétea, cun pico de cor máis intensa e anel ocular vermello, por iso hai algúns anos críase que eran subespecies diferentes.

8 Columba livia, pomba brava

Ave moi común e fácil de observar, que ultimamente atopa máis facilidades para sobrevivir nas cidades que no campo. Pódese ver durante todo o ano. Corpo azulado e gris con escintileos verdes e violetas no pescozo; patas granates, cola con banda final negra e liñas negras nas ás. Sexos parecidos.

9 Actitis hypoleucos, bilurico bailón

Podemos ver a este simpático animal todo o ano, buscando alimento nas beiras do río e sobre a herba próxima á auga, dese xeito tan peculiar, a saltos e movendo a cola nerviosamente. É de pequeno tamaño e diferénciase pola súa cor branca na parte inferior, e castiñeiro pola parte superior e a cabeza. Se se asusta e sae voando, poderemos diferencialo pola súa lista branca nas ás, que arquea cara abaixo e emite un asubío característico. Sexos parecidos.

10 Motacilla alba, lavandeira branca

Fácil de recoñecer pola súa plumaxe grisácea e negra, a súa cola longa e a súa forma de camiñar nerviosa e lixeira. O macho ten a caluga e o peito de cor negra e na femia cambia a gris escuro. No inverno o negro do peito convértese en cor cinza. Podemos vela durante todo o ano alimentándose nas marismas e nas zonas verdes da illa.

11 Troglodytes troglodytes, carrizo

Pequeno paxaro de aspecto gordiño e cor pardo en xeral, coa parte inferior cor crema. Adoita facer voos rápidos e curtos entre a maleza para buscar refuxio na vexetación. Ao pousarse levanta moito a cola con movementos espasmódicos e realiza o seu canto característico. Podemos velo durante todo o ano. Sexos parecidos.

12 Erithacus rubecula, paporrubio

Outro paxaro de aspecto inconfundible, coas súas cores pardo-verdosas e o rechamante peito alaranxado, pico curto e ollos negros. Camiña a saltos subindo e baixando a cola. Pódese atopar todo o ano e escoitar o seu canto cando se refuxia na vexetación. Sexos parecidos.

13 Saxicola torquata, chasco común

Pequeno paxaro sedentario, visible todo o ano. Adoita pousarse na parte superior das pólas onde se lle ve con facilidade. O macho ten a cabeza negra ou parda escura, pescozo branco nos laterais, peito avermellado e parte superior escura. A femia ten as partes superiores pardas, do mesmo xeito que a cabeza que é castiñeira, raiada en escuro. Fácil de localizar preto da zona de xuncos.

14 Turdus merula, merlo común

Outro paxaro fácil de recoñecer. O macho é totalmente negro agás o pico e o anel ocular que son alaranxados. A femia é negra tamén pero coas partes inferiores máis castañas, case a pintas. Camiña a saltos movendo arriba e abaixo a longa cola. A súa melodía pódese escoitar á tardiña, pouco antes de se poñer o sol.

15 Parus major, ferreiro abelleiro

Moi parecido ao ferreiriño común, pero trocando as tonalidades azuis por negro. A femia é semellante ao macho pero con tons máis apagados. O macho ten a cabeza totalmente negra e a cara branca, pico e peito tamén negros, costas verdosas e peito amarelado, percorrido de arriba abaixo por unha liña negra e patas azuladas. Podemos velo durante todo o ano.

16 Pica pica, pega

Paxaro moi común e habitual todo o ano. Inconfundible as súas cores brancas e negras, cola longa que move ao camiñar a saltos. Semella negra pero se lle alcanzan os raios do sol, poderemos comprobar que ten irisacións verdes, moradas e azuis. Sexos parecidos.

17 Corvus corone, corvo viaraz

Ave sedentaria que frecuenta a zona todo o ano. Caracterízase pola súa plumaxe totalmente negra irisada. Pico robusto de cor negra, igual que as patas. Ten a cola recta. Sexos parecidos. Voo lento e directo, normalmente emitindo un berro típico.

18 Passer domesticus, pardal común

Non hai paxaro máis asociado á vida urbana como o gorrión común, presente en todos os parques e xardíns de practicamente calquer cidade. Na Illa do Covo poderemos velo durante todo o ano. O macho ten a parte superior parda, raiada de escuro, caluga castiñeira, zona superior da cabeza grisácea, a garganta e o peito de cor negra e o ventre branco sucio. Presenta dimorfismo sexual, a femia é totalmente diferente, non ten o negro da garganta e a súa tonalidade xeral é parda.

19 Cisticola jundicis, picaxuncos

Podémolo ver todo o ano, é un pequeno paxaro de partes superiores pardas raiadas e as inferiores esbrancuxadas cremosas, ás anchas e redondeadas coas que fai voo ondulante e espasmódico característico mentres emite un reclamo e sae da vexetación. É moi fuxidío e inqueda, e podemos atopalo preto das marismas, entre os xuncos, de aí o seu nome en galego. Sexos parecidos.



1




2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12



13



14



15



16



17



18



19